



## **INDICE GENERAL**



### **CLASIFICACIÓN del MONTE:**

**Leixo e Calle**

### **COMUNIDAD PROPIETARIA**

**BUSTO, VALBOA E VILAR**

**LUGAR / PARROQUIA**

**Concello**

**Armenteira**

**MEIS**

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. José Luis Díez Yáñez.  
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente).

**VOCAIS**

D. Luis Mª Muíños Vidueira.  
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta).  
Dña. Isabel Catoira Lamela.  
(Avogado polo Colexio da provincia).  
D. Teodoro Arribas Serrano  
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais).

**VOCAIS REPRESENTANTES DA  
PARROQUIA DE ARMENTEIRA DO  
CONCELLO DE MEIS.**

D. Julio Seren Casal.  
D. Gonzalo Otero Villanueva.

**SECRETARIA**

Dª. Mª José León Gómez.  
(Xefe do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente).

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día catro de abril do 2001, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 4ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Leixo e Calle" da parroquia de Armenteira do concello de Meis.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.** Polo Presidente da Comunidade de Montes "Chan da Fonte e outros" solicitouse en data 05/09/97, a clasificación como veciñais en man común dos montes **Leixo e Calle** da parroquia de **Armenteira do concello de Meis.**

**SEGUNDO.** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 24/02/99 acordou iniciar os trámites para a clasificación dos referidos montes, así como a remisión do expediente ó Servizo de Montes e Industrias Forestais da entóns Delegación Provincial de Agricultura, Gandería e Montes de Pontevedra para o seu estudo e informe, nomeándose Instructor do expediente a D. Juan José Barreiro Prado.

TERCEIRO.- Iniciados os trámites oportunos compróbase a existencia de erro na planimetría aportada no que afecta á representación de límites municipais, polo que unha vez realizadas as comprobacións que se estimaron necesarias e replantada sobre o terreo a mencionada línea, a superficie da cal solicítase a súa clasificación vese afectada nunha diminución de 1,080 Has. quedando determinada a cabida do monte "Leixo e Calle" en 5,25 Has. aproximadamente.

CUARTO.- Asimesmo, e de conformidade co artigo 21 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, solicitouse a certificación de cargas ó correspondente Rexistro da Propiedade, a cal foi recibida con data 13/04/00 facendo constar a inexistencia de inmatriculación.

QUINTO.- Asimesmo, e con estricta observancia dos trámites previstos no artigo 23 do citado Decreto 260/1992, procedeuse á apertura do trámite de audiencia non formulándose alegacións.

SEXTO.- Por acordo do Xurado na reunión celebrada en data 19/10/00, e como consecuencia da Sentencia do Pleno do Tribunal Constitucional dictada no recurso nº 175/90, noméase Instructor do expediente a D. Luis M<sup>º</sup> Muíños Vidueira.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- En relación co MONTE "LEIXO E CALLE" delimitase de acordo coa seguinte descripción:

CABIDA: 5,25 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Propiedades particulares de Alfonso Rey, Rosalinda Balboa Domingos e outros.

SUR: Línea municipal según deslinde del I.G.N. no concello de Poio.

LESTE: Pista forestal e propiedades particulares de Manuel Filgueira, Ana Rosales Carballa, Manuel Salgueiro, Ramón Rodino Portas, Joaquín García Quiñónez, Celso Pérez Gómez e outros.

OESTE: Propiedades particulares de Jesusa Blanco Sueiro, Daniel Pazos Padin e outros, e límite municipal co concello de Meaño.

DESCRIPCIÓN DO PERÍMETRO: O perímetro do monte descríbese comenzando norte, donde limita cunha pista e a finca de Alfonso Rey, seguindo dirección noroeste situándose ó seu extremo no Alto de Leixo, donde limita coa finca propiedade de Rosalinda Balboa

Domingos, continuando en dirección sur ó perímetro donde está definido pola diagonal formada polas fincas particulares pertencentes a Dna. Jesusa Blanco Sueiro, Don Daniel Pazos Padín e outros ata chegar ó límite municipal con Meaño, desde donde continúa en línea recta seguindo polo cortafogos ata cegar ó mollón M3t, identificado según o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional como o punto donde conversen os términos municipais de meaño, Poio e Meis. A partir de aquí o perímetro toma dirección sureste, sempre seguindo a línea municipal según o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional, limitando co monte denominado Bacariza e Alén, clasificado a favor da Comunidade de Montes de Samieira, concello de Poio, ata cruzar coa pista forestal cegando ó extremo sureste, donde limita coas fincas particulares propiedade de Don Manuel Filgueira, Dona Ana Rosales Carballa, Don Manuel Salgueiro e outros. Continuando polo este vai seguindo unha pista forestal en dirección ó norte limitando en tódolo seu percorrido con fincas particulares propiedade de Don Ramón Rodino Portas, Don Joaquín García Quiñónez, Don Celso Pérez Gómez e outros ata chegar ó cruce de camiños.

Próponse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2.- En consideración ó exposto, e de conformidade co sinalado no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, así como no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, cómpre entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

En consecuencia, vistos os preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, próponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA**:

**Clasificar como veciñal en man común a favor dos veciños da parroquia de Armenteira do concello de Meis o monte "Leixo e Calle" por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, correspondendose coa planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa descrición sinalada no fundamento de dereito primeiro**


Contra a presente Resolución que poñe fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-

Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



The image shows several handwritten signatures and stamps in blue ink. One prominent signature in the center reads "Luis Santos". To its right is a large, stylized signature. Below these, there are several other signatures, some of which appear to be initials or names like "J. J. J." and "M. J.". There are also some faint, illegible markings and what looks like a date "2001" written vertically on the left side.

CLASIFICACION DO MONTE "LEIXOSO E CALLE"  
COMO MONTE VECINAL EN MAN COMUN DOS  
VECINOS DE SANTA MARIA DE ARMENTEIRA,  
DO CONCELLO DE MEIS, (PONTEVEDRA).



PLANO N° 2  
EMPLAZAMIENTO  
ESCALA 1 : 10.000